



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Traballo Final de Mestrado (TFM)	Código	615525031	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Vázquez Silva, Iria	Correo electrónico	iria.vsilva@udc.es	
Profesorado	Vázquez Silva, Iria	Correo electrónico	iria.vsilva@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta guía corresponde ao exercicio de elaboración e defensa pública dun traballo fin de mestrado, de carácter obrigatorio			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Deseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrixir ou previr situacións e procesos de exclusión social.
A7	CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflitividade social.
A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B4	CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B8	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B10	CB10 - Que os estudantes manexen as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B12	CB12 - Manter responsabilidade e compromiso co desenvolvemento profesional continuo de forma autónoma.



B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.
C3	CT3 - Asumir o reto da interdisciplinabilidade no desenvolvemento do traballo investigador e profesional.
C4	CT4 - Comprometerse cun exercicio profesional e unha perspectiva investigadora que incorporen a dimensión participativa.
C5	CT5 - Aplicar un razoamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do traballo profesional e investigador.
C6	CT6 - Expresarse correctamente, de forma oral e escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
C7	CT7 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e a comunicación necesarias para o exercicio profesional e para a aprendizaxe continuada e autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Integrar os coñecementos adquiridos para aplicalos a unha contorna de traballo no terreo das políticas sociais e a exclusión social.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8	BM1 BM2 BM3 BM4 BM6 BM7 BM13 BM14 BM17 BM18 BM19	CM3 CM4 CM5 CM6
Capacidade de presentar e defender os resultados do traballo ante un público profesional.	AM4	BM5 BM9 BM14 BM17 BM19	CM6 CM7
Capacidade de emitir unha valoración propia fundamentada, á vez que consciente das limitacións das que parte.	AM2 AM4 AM5 AM7 AM8	BM6 BM8 BM13 BM14 BM19	CM5
Capacidade para a aprendizaxe autónoma continua.	AM3 AM4 AM8	BM8 BM10 BM12 BM17	CM3 CM5 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas



Obxectivo do traballo de investigación (TFM)	<ul style="list-style-type: none"> - Estudo de calquera ámbito das políticas sociais e a intervención social - Estará dirixido, preferentemente, á resolución dun problema real -Integrar os coñecementos adquiridos durante a etapa formativa -Emitir unha valoración propia e fundamentada sobre o tema central de estudo que reflexe as responsabilidades éticas e sociais implícitas
Desenvolvemento do TFM	<ul style="list-style-type: none"> - A memoria debe realizarse aplicando o proceso de investigación científica e demostrar que se adquiriron as competencias do título. - Desenvolvemento autónomo das habilidades críticas, analíticas e creativas do/a alumno/a - Dúas opcións: <ul style="list-style-type: none"> a) A realización vinculada a unha práctica desenvolvida no período de prácticas en institucións ou empresas; b) A realización independente de ditas prácticas - A memoria será realizada de forma individual, baixo a supervisión dun/ha titor/a asignado/a
Defensa do TFM	<ul style="list-style-type: none"> -Capacidade para comunicar as súas ideas ante un público experto - A memoria de Fin de Mestrado será defendida polo/a alumno/a ante unha comisión de expertos/as

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	B1 B5 B9 B17 C6	1	2	3
Recensión bibliográfica	A2 B3 B6 B7 B8 B10 B13 B14 B18 C5 C7	0	50	50
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B17 B19 C3 C4 C5 C6 C7	0	237	237
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Preparación e realización dunha presentación para a defensa pública do TFM diante do tribunal.
Recensión bibliográfica	Lectura, síntese e análise crítica de textos para a elaboración do marco teórico do TFM
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Realización e defensa pública dun traballo escrito que desenvolva e demostre os coñecementos adquiridos no máster, aplicados a un tema concreto relacionado coas especialidades do Máster. Trátase dun traballo individual, que se realizará baixo a supervisión dun/a titor/a asignado.</p> <p>A información sobre o seu procedemento e defensa, será publicada no Moodle, e comunicada aos/as estudantes a través do correo da udc.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Investigación (Proxecto de investigación) Presentación oral</p>	<p>Atención personalizada Coordinación dos TFMs:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A información sobre o proceso e prazos para a realización e defensa do TFM, así como outros temas de interese serán publicados e comunicados pola coordinadora dos TFMs a través das vías institucionais: Moodle e correo electrónico da udc. - Dende a coordinación realizaranse titorías grupais para informar o proceso de realización e defensa do traballo. levarán a cabo titorías virtuais para favorecer a participación do alumnado en liña. Para ambas as modalidades abrirase un foro na plataforma Moodle, co obxecto de resolver calquera dúbida sobre o proceso de realización e defensa do TFM. <p>Atención personalizada dirección dos TFMs:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Traballo de Fin de Máster, realizarase baixo a supervisión dun/a director/a. (Tamén se admite a co-dirección) - O/a director/a ocuparase de guiar ao estudante no proceso de realización da investigación. - Antes da presentación ou defensa pública do TFM, o/a director/a terá que emitir a súa conformidade a través da secretaría virtual nas datas previstas. - A vía de comunicación e o calendario, será o establecido entre o/a estudante e o seu director/a. <p>A titorización do alumnado en modalidade en liña, realizarase de maneira virtual, mediante os sistemas establecidos entre o/a alumno/a e o/a director/a de o traballo.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B17 B19 C3 C4 C5 C6 C7	Realización dun traballo de investigación, no que se demostre o desenvolvemento das competencias, obxectivo da memoria final do máster. Isto é, que a memoria realizada e defendida reflicta os coñecementos adquiridos durante o período de formación, a capacidade do/a alumno/a para aplicar os devanditos coñecementos, a capacidade para fundamentar unha valoración propia e responsable, e o pensamento analítico e crítico dentro das temáticas do mestrado.	80
Presentación oral	B1 B5 B9 B17 C6	Exposición obrigatoria do Traballo de Fin de Máster. Será realizada polos estudantes en sesión pública e antes unha comisión ou tribunal formada polo profesorado do Master e designada pola Coordinación dos TFMs. O calendario de defensas, a composición dos tribunais e a organización e estrutura do acto público será comunicado desde a coordinación, unha vez establecido.	20

Observacións avaliación
<p>Para ser avaliado/a do traballo fin de mestrado será necesario:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) ter superados o resto de créditos do máster (materias e período práctico) 2) realizar a matrícula. 3) ter asignado un tema central ou título e un/a titor/a. <p>O calendario de defensa pública e de convocatorias dispoñibles axústanse ás condicións que establece anualmente a Universidade da Coruña, para todas as titulacións de posgrao. O calendario e procedemento é común para o alumnado presencial e online. O alumnado online, que non poida acudir presencialmente o acto de defensa, deberá contactar coa coordinación para a súa presentación a través de ferramentas virtuais.</p> <p>As recomendacións para a súa elaboración e defensa, serán publicadas pola coordinación dos TFMs, a través das vías institucionais: Moodle e correo electrónico da UDC.</p> <p>Os traballos plaxiados, total ou parcialmente, merecerán o suspenso inmediato.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais/615525007
Dimensión ética e procesos educativos na acción social/615525004
Políticas sociais en perspectiva comparada/615525001
Técnicas cualitativas para a análise dos discursos e as realidades sociais/615525008
Identidade, alteridade e interseccionalidade/615525006
Modelos de provisión do benestar/615525003
Pobreza e desigualdade: debates, medicións e identificación de grupos en risco de exclusión/615525005
Deseño, xestión e avaliación de políticas sociais/615525009
Austeridade e precariedade na era da globalización/615525002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Deseño de proxectos e traballos de investigación/615525029

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías